

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE JUSTIZA

- 1361** *Real decreto 37/2019, do 1 de febreiro, polo que se crea a Comisión de selección e se regula o procedemento para a designación da terna de candidatos a fiscal europeo e candidatos a fiscal europeo delegado en España, a que se refiren os artigos 16 e 17 do Regulamento (UE) 2017/1939 do Consello, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece unha cooperación reforzada para a creación da Fiscalía Europea.*

O Regulamento (UE) 2017/1939 do Consello, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece unha cooperación reforzada para a creación da Fiscalía Europea, regula o estatuto xurídico, estrutura e organización da Fiscalía Europea, así como as súas competencias. Configúrase como un órgano indivisible da Unión, que estará organizado nun nivel central e un nivel descentralizado. O primeiro fórmao unha oficina central integrada polo Colexio, as salas permanentes, o fiscal xeral europeo, os fiscais adxuntos ao fiscal xeral europeo, os fiscais europeos e o director administrativo. O Colexio, pola súa vez, estará composto polo fiscal xeral europeo e un fiscal europeo por Estado membro. O nivel descentralizado estará integrado polos fiscais europeos delegados, que estarán establecidos nos Estados membros.

Para o nomeamento dos fiscais europeos, para un mandato non renovable de seis anos, sen prexuízo de que o Consello poida decidir estender este mandato por un máximo doutros tres anos máis, cada Estado membro designará tres candidatos para o cargo de fiscal europeo de entre candidatos que sexan membros activos do Ministerio Fiscal ou da xudicatura do correspondente Estado membro, ofrezan absolutas garantías de independencia, reúnan as condicións requiridas para o exercicio das máis altas funcións do Ministerio Fiscal ou da xudicatura nos seus respectivos Estados membros e teñan unha experiencia práctica pertinente no que atinxe aos sistemas xurídicos nacionais, ás investigacións financeiras e á cooperación xudicial internacional en materia penal. Tras o ditame motivado dun comité de selección europeo, o Consello elixirá e nomeará o fiscal europeo do Estado membro en cuestión.

Pola súa parte, para o nomeamento dos fiscais europeos delegados, o Colexio, por proposta do fiscal xeral europeo, nomeará os fiscais europeos delegados designados polos Estados membros para un mandato renovable de cinco anos. Os fiscais europeos delegados, desde o momento do seu nomeamento como fiscais europeos delegados e até a súa destitución, deben ser membros activos do Ministerio Fiscal ou da xudicatura dos correspondentes Estados membros que os designasen e deberán ofrecer absolutas garantías de independencia e posuír as cualificacións necesarias, así como a experiencia práctica pertinente no marco do seu sistema xurídico nacional.

Tras a aprobación do citado Regulamento (UE) 2017/1939, a Comisión Europea promoveu unha axenda que culminará coa entrada en funcionamento da Fiscalía Europea en novembro do ano 2020. Esta posta en marcha da Fiscalía Europea é de especial transcendencia por canto se trata dun órgano, xa previsto no artigo 86 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, que ten inicialmente como fin combater as infraccións que prexudiquen os intereses financeiros da Unión.

Até que se produza a dita posta en marcha, corresponde a cada Estado membro designar unha terna de candidatos para cubrir a praza que a cada Estado lle corresponde no Colexio de Fiscais Europeos, así como designar ao menos dous candidatos para cubrir as prazas de fiscais europeos delegados en cada Estado membro. Para poder levar a cabo as ditas designacións, resulta necesario articular un procedemento transparente de selección que outorgue as máximas garantías e a seguridade xurídica necesaria para a participación de España neste proxecto europeo. Estes procedementos de selección

deben basearse nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade que deben presidir os sistemas de acceso aos cargos públicos.

A iniciativa para pór en marcha os procesos de selección partirá en todo caso da institución europea competente, polo que procede preparar o mecanismo de designación dos candidatos correspondentes a España con antelación adecuada para atender os seus requirimentos de presentación, de conformidade cos criterios expresados en canto ao fondo, á forma e ao prazo que establezan as autoridades da Unión Europea.

Para estes efectos, mediante este real decreto configúrase unha comisión de selección, baixo a presidencia da persoa titular do Ministerio de Xustiza que, como órgano superior do departamento, ten asignadas entre as súas funcións, as relacións coa Administración de xustiza e coa fiscalía, así como as relacións cos organismos internacionais e da Unión Europea no ámbito das competencias do Ministerio de Xustiza, tal como determinan os artigos 1.1 e 2.1 do Real decreto 1044/2018, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza e se modifica o Real decreto 595/2018, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais. Esta comisión de selección contará, así mesmo, coa participación de representantes da Fiscalía Xeral do Estado e do Consello Xeral do Poder Xudicial, dado que todos os candidatos que se propoñan deben pertencer, segundo o propio Regulamento (UE) 2017/1939, á carreira fiscal ou á xudicial.

Así mesmo, este real decreto regula os aspectos básicos do procedemento de selección e dos requisitos que deben reunir os potenciais candidatos, habilitando a que na orde ministerial de convocatoria das respectivas prazas se profile o resto de aspectos necesarios para desenvolver correctamente o citado proceso selectivo. Neste sentido, convén sinalar a aplicabilidade do establecido no Regulamento n.º 31 (CEE) e n.º 11 (CEEA) polo que se establece o Estatuto dos funcionarios e o réxime aplicable aos outros axentes da Comunidade Económica Europea e da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, para aquelas persoas finalmente designadas, norma que, por tanto, foi tida en conta na elaboración deste real decreto.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica transparencia e eficiencia, en canto que este persegue un interese xeral ao conferir estabilidade e continuidade ao procedemento polo que se seleccionarán os candidatos máis idóneos para as funcións previstas na normativa europea, e cumpre estritamente o mandato establecido no artigo 129 da lei, non existindo ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Na elaboración deste real decreto emitiron informe tanto a Fiscalía Xeral do Estado como o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que atribúe ao Estado o artigo 149.1. 5.ª da Constitución en materia de administración de xustiza.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Xustiza, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é crear e configurar a Comisión de selección para a designación da terna de candidatos a fiscal europeo e dos candidatos a fiscal europeo delegado en España, a que se refiren, respectivamente, os artigos 16 e 17 do Regulamento (UE) 2017/1939, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece unha cooperación reforzada para a creación da Fiscalía Europea, así como establecer os aspectos básicos do procedemento de selección e dos requisitos que deben reunir os potenciais candidatos.

Artigo 2. *Requisitos dos candidatos.*

1. Para efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 16 do Regulamento (UE) 2017/1939, os interesados no procedemento de selección a fiscal europeo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española e non ter incorrido en ningunha das causas de incapacidade que recollen o artigo 44 da Lei 50/1981, do 30 decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, e o artigo 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

b) Ser membros activos da carreira fiscal, na súa categoría primeira ou segunda, ou da carreira xudicial e contar en calquera caso cunha antigüidade superior a quince anos de exercicio na carreira.

c) Ofrecer un absoluto compromiso de independencia para o exercicio da función, mediante a subscrición dunha declaración xurada para estes efectos, nos termos que establece a orde ministerial de convocatoria.

d) Posuír relevante experiencia práctica no ordenamento xurídico español, no que atinxe ás investigacións financeiras e en cooperación xudicial internacional en materia penal.

e) Poder completar o mandato inicial de seis anos para o que resulten elixidos antes de alcanzar a idade de xubilación forzosa, nos termos establecidos na lexislación europea aplicable.

f) Acreditar o coñecemento en profundidade de, ao menos, unha das linguas oficiais da Unión Europea, e un coñecemento satisfactorio de, ao menos, outra delas, nos termos establecidos na orde ministerial de convocatoria.

2. Para efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 17 do Regulamento (UE) 2017/1939, os interesados no procedemento de selección a fiscal europeo delegado deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española e non ter incorrido en ningunha das causas de incapacidade que recollen o 44 da Lei 50/1981, do 30 decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, e o artigo 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

b) Ser membros activos da carreira fiscal, ao menos, na súa categoría segunda, ou da carreira xudicial, desde o momento do seu nomeamento como fiscal europeo delegado e até a súa destitución, e contar en calquera caso cunha antigüidade superior a dez anos de exercicio na carreira.

c) Ofrecer un absoluto compromiso de independencia para o exercicio da función, mediante a subscrición dunha declaración xurada para estes efectos, nos termos que establece a orde ministerial de convocatoria.

d) Posuír unha relevante experiencia práctica no ordenamento xurídico español, en investigacións relacionadas co ámbito das competencias da Fiscalía Europea, tal e como se definen no Regulamento (UE) 2017/1939, e en cooperación xudicial penal internacional.

e) Acreditar o coñecemento en profundidade de, ao menos, unha das linguas oficiais da Unión Europea e un coñecemento satisfactorio de, ao menos, outra delas, nos termos establecidos na orde ministerial de convocatoria.

Artigo 3. *Comisión de selección.*

1. A Comisión de selección que se crea por medio deste real decreto, como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Xustiza, será a encargada de realizar as propostas, tanto para a designación da terna de candidatos a fiscal europeo como para a proposta dos candidatos a fiscal europeo delegado en España, de acordo co previsto normativamente.

2. A Comisión de selección estará presidida pola persoa titular do Ministerio de Xustiza, será vicepresidente a persoa titular da Secretaría de Estado de Xustiza e formarán parte dela, como vogais:

- a. Un representante da Fiscalía Xeral do Estado, designado polo dito órgano.
- b. Un representante do Consello Xeral do Poder Xudicial, designado polo dito órgano.
- c. A persoa titular da Secretaría Xeral da Administración de Xustiza.
- d. A persoa titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional, Relacións coas Confesións e Dereitos Humanos do Ministerio de Xustiza.
- e. A persoa titular da Dirección Xeral de Integración e Coordinación de Asuntos Xerais da Unión Europea do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

Actuará desempeñando as tarefas de Secretaría da Comisión de selección, con voz pero sen voto, un avogado do Estado designado pola avogada xeral do Estado-directora do Servizo Xurídico do Estado.

Así mesmo, a Comisión de selección poderá contar coa participación e asistencia, en calidade de experto asesor, dunha persoa designada pola Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, con voz pero sen voto.

3. A Comisión de selección actuará con suxeición ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais disposicións vixentes. Os aspirantes poderán recusar os membros da Comisión cando concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os acordos da Comisión de selección adoptaranse por maioría dos asistentes con voz e voto, e dirimirá os empates a persoa que desempeñe a presidencia co voto de calidade.

5. De cada unha das sesións celebradas pola Comisión de selección, o titular da Secretaría da Comisión levantará a acta correspondente, especificando necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, indicando a motivación do valor outorgado aos méritos alegados por cada candidato, así como o contido dos acordos adoptados.

Artigo 4. *Procedemento de selección.*

1. Tras a apertura dos procesos de selección correspondentes para a designación da terna de candidatos a fiscal europeo ou fiscal europeo delegado, publicarase no *Boletín Oficial del Estado* a orde ministerial de convocatoria.

2. A orde ministerial de convocatoria aprobarase por proposta da Comisión de selección e regulará as bases das convocatorias a fiscal europeo ou fiscal europeo delegado en España, que poderán ser realizadas conxuntamente. Na dita orde conterase o detalle do procedemento, a forma de acreditar os requisitos que deben concorrer nos candidatos, os criterios de valoración destes, os méritos que se consideren apropiados e, se for o caso, os criterios de valoración de tales méritos, as especificacións que fixen as institucións europeas ao abrir o proceso de selección correspondente, a doutrina do comité de selección europeo regulado no artigo 14.3 do Regulamento (UE) 2017/1939, así como os demais elementos necesarios para levar a bo fin a convocatoria. Así mesmo, a orde poderá establecer, a criterio da Comisión de selección, a necesidade de realización dunha entrevista persoal dos candidatos.

3. O procedemento de selección non poderá ter unha duración superior a tres meses, de acordo co establecido no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A orde ministerial de convocatoria redactarase de conformidade co principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso ao emprego público, de acordo co artigo 14 da Constitución e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade

efectiva de mulleres e homes. Así mesmo, as convocatorias terán en conta os principios de igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade e os seus dereitos.

5. O contido da orde ministerial de convocatoria será difundido na páxina web do Ministerio de Xustiza e darase traslado dela á Fiscalía Xeral do Estado e ao Consello Xeral do Poder Xudicial para a súa difusión e xeral coñecemento das carreiras fiscal e xudicial.

Artigo 5. *Comunicación das persoas designadas.*

A persoa titular do Ministerio de Xustiza comunicará os nomes das persoas designadas para os postos obxecto da convocatoria ao órgano competente da Unión Europea. Esta designación publicarase no *Boletín Oficial del Estado* e na páxina web do Ministerio de Xustiza, e darase traslado dela á Fiscalía Xeral do Estado e ao Consello Xeral do Poder Xudicial para a súa difusión e xeral coñecemento das carreiras fiscal e xudicial.

Disposición adicional única. *Non aumento do gasto público.*

A constitución e o funcionamento da Comisión de selección prevista no presente real decreto atenderase cos recursos humanos e materiais do Ministerio de Xustiza, polo que a súa actuación non suporá gastos adicionais aos previstos nas súas dotacións orzamentarias nin incremento de gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Xustiza para ditar, no ámbito de das súas propias competencias, as normas de execución e desenvolvemento do presente real decreto e, en particular, a orde ministerial de convocatoria a que este fai referencia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Xustiza,
DOLORES DELGADO GARCÍA